



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REXISTRO XERAL
19.ABR 01 01824
SAIDA

T
C
93

Na actual sociedade da información e o coñecemento os estudantes que finalizaron unha titulación continúan a solicitar servicios de formación continúa e de ampliación dos coñecementos.

As Normas de Xestión Académica permiten formaliza matrícula ordinaria a tódolos alumnos que cursen estudos conducentes á obtención dun título universitario oficial e validez no territorio nacional sen establecer impedimento ningún cando os alumnos que pretenden formaliza-la matrícula teñen feito o depósito do título.

Para unifica-los criterios de actuación nas distintas unidades administrativas en relación con esta situación e logo da consulta realizada ó Consello de Universidades díctase a seguinte

RESOLUCIÓN

Primeiro.- Os estudantes que fixeron o depósito do título nunha titulación poden seguir formalizando matrícula ordinaria en materias da propia titulación ou plano de estudos, sempre que estea suxecto ás mesmas directrices xerais e que estas materias teñan docencia.

Segundo.- Os estudantes que teñan acadado a súa titulación cursada consonte ó correspondente plano de estudos, sen ter feito ningunha orientación ou especialidade, poderán formalizar matrícula ordinaria no mesmo plano de estudos para acadar unha orientación ou especialidade. Esta orientación ou opción cursada poderá incluírse, se así o solicita no título que se foi expedido pola Universidade. En ningún caso o cursar unha orientación dará lugar a expedición dun novo título.

Terceiro.- No caso dos estudantes que xa posúen unha titulación obtida segundo un plano de estudos e queiran cursar unha especialidade ou orientación, da mesma titulación, por outro plano de estudos, diferente ó cursado poderán formalizar matrícula ordinaria sempre que ámbolos dous planos de estudio estean suxectos ó Real Decreto 1497/1987 de directrices xerais comúns a tódolos planos de estudio. Nestes supostos será o Centro o que determine as materias que deban cursa-los alumnos para obte-la orientación en función do itinerario curricular cursado.

A nova orientación cursada farase constar no título, cando así se solicite, e sempre que o título fose expedido pola Universidade de Santiago. No caso de que o título fose expedido por outra universidade deberá ser esta, de se-lo caso, a que deba face-la corresponsante anotación no título para o que a Universidade de Santiago enviará a documentación que a tales efectos sexa necesaria.

Cuarto.- Os alumnos que teñan feito o depósito do título e pretendan cursar materias que figuran na Convocatoria de libre elección, poderán facelo despois de terse realizado a adxudicación das prazas solicitadas para completa-los créditos de libre elección que establecen os planos de estudio e sempre que queden prazas vacantes. Poderán solicitar estas materias xunto ós demais alumnos e nos prazos que establezan as convocatorias.

Quinto.- A matrícula destes alumnos terá a consideración de matrícula ordinaria entrando dentro do ámbito de aplicación do Decreto de prezos públicos que anualmente aprobe a Xunta de Galicia e mais da normativa sobre o Seguro Escolar. Igualmente serán de aplicación os beneficios que sobre axudas, subvencións, bolsas e axudas ás familias numerosas ten establecido a USC para os demais alumnos nos termos que regulamentariamente se establecen.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sexto.- Nota media do expediente.- Para o cálculo da nota media do expediente dos alumnos que despois de ter feito o depósito do título teñan formalizado algunha matrícula só se terán en conta as materias cursadas con anterioridade á data do depósito do título, con independencia de que despois desta data curse máis materias ou orientacións.

No caso dos estudantes que teñen máis materias ou orientacións cursadas que as imprescindibles para obter a titulación o cálculo da nota media estará suxecto o establecido no art. 18 das Normas de Xestión Académica.

Séptimo.- Non incidirá negativamente nos alumnos, ós efectos de concorrer á Convocatoria de Fin de Carreira o matricular mais materias ou créditos dos necesarios para a obtención da titulación. O requisito do número de créditos matriculados que establece a Convocatoria de Fin de Carreira deberá entenderse respecto dos que fixa o plano de estudos para obter a titulación. Neste caso, o alumno deberá indicar en que materias das matriculadas pretende inscribirse na convocatoria de Fin de carreira.

Os alumnos que se matriculen de materias despois de ter realizado o depósito do título non poderán concorrer á Convocatoria Fin de Carreira.

Oitavo.- Matrícula extraordinaria.- Os estudantes da USC poderán formalizar matrícula extraordinaria en materias ou asignaturas xa cursadas na súa titulación pero que teñen sufrido importantes incorporacións programáticas. Os efectos desta matrícula son os contemplados para a matrícula extraordinaria.

Os alumnos que formalicen matrícula extraordinaria realizarán un único pagamento de prezos públicos por apertura de expediente. Nas sucesivas matrículas que realicen non aboarán este concepto, con independencia da titulación a que pertencen as materias matriculadas.

Disposición adicional primeira.- Os alumnos que pretendan formalizar matrícula consonte o establecido nesta resolución poderán formalizar a matrícula ordinaria ou extraordinaria polos sistemas que os efectos estean establecidos para os demais alumnos.

Disposición final.- Esta resolución será de aplicación a partir do curso 2001/2002. Corresponde ó rectorado a interpretación desta resolución polo que as consultas para o seu desenvolvemento ou interpretación deberán facerse ó abeiro do artigo 114 das Normas de Xestión Académica.

Santiago, 16 abril 2001

O Rector



Dario Villanueva Prieto

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Secretario Xeral, Srs. Decano/as e Director/as de centro, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sra Xefa do Servizo de Alumnado, Sr/as Xefe/as das Unidades de Xestión Académica, Sr. Director do COIE, Sr. Director do Sein.